

A NOTA

Texto de PILAR SERRANO BURGOS

Ilustracións de DANIEL MONTERO GALÁN

Tradución de MANUELA RODRÍGUEZ

Formato despregable. 18 x 30 cm. 40 páx. 16 €

MENCIÓN ESPECIAL DO XIV PREMIO INTERNACIONAL COMPOSTELA DE ÁLBUM ILUSTRADO

A nota (galego)

ISBN 978-84-1343-136-9. Álbum ilustrado. Libros interactivos.

La nota (castelán)

ISBN 978-84-1343-137-6. Álbum ilustrado. Libros interactivos.

La nota (català)

ISBN 978-84-18558-33-7. Àlbum il·lustrat. Llibres interactius.

Oharra (euskara)

ISBN 978-84-9172-267-0. Album irudidunak. Liburu interaktiboak.

O bilhete (português)

ISBN 978-989-749-156-6. Álbum ilustrado. Livros interativos.

Il biglietto (italiano)

ISBN 978-84-1343-117-8. Albo illustrato. Libro gioco.

Eva sempre saía da casa ás présas para chegar a tempo ao colexio. Ao sacar os seus cadernos da mochila, caeu ao chan unha nota. Eva leuna e púxo a enriba do estoxo do seu compañeiro Xosé...

Unha nota de contido descoñecido vai pasando dunha persoa a outra e, nese constante cambio de mans, imos coñecendo o barrio onde transcorre esta emocionante e divertida historia: os edificios, as rúas, a escola, o médico, o parque e mesmo o subsolo... e, ademais, os seus habitantes: nenos, nais, anciáns, traballadores de diferentes oficios... como tamén as distintas formas nas que a nota vai compartindo e espallando a súa intrigante mensaxe.

Neste libro de formato despregable as ilustracións de Daniel Montero Galán amplifícan o texto de Pilar Serrano Burgos, facéndonos partícipes da vida da veciñanza a través de recursos gráficos propios do dinamismo do cómic e do cine. Chea de detalles e de humor, a lectura non se esgota nun único pase, senón que volta tras volta descóbrense novos e sorprendentes achados.

No outro lado da lámina, unha extensa galería de personaxes -mascotas incluídas- permite coñecer as súas calidades, soños, segredos... Unha oportunidade con infinitas posibilidades creativas para continuar, con novos argumentos narrativos, as aventuras alegres e optimistas de «A Nota».

www.**Kalandraka**.com

comunicacion@kalandraka.com



- **Temática:** a viaxe, de man en man, dunha misteriosa nota.
- **Idade recomendada:** a partir de 3 anos.
- **Aspectos destacables:** mención do XIV Premio Compostela, libro despregable; cidade, pobo, barrio, relacións sociais, comunicación; optimismo, expresión de afectos e emocións; diversidade, profesións; escritura creativa, humor, imaxinación, curiosidade.

Pilar Serrano Burgos

(Madrid, 1977)

Diplomada en Educación Primaria e especialista en Educación Infantil. Traballa como mestra no ensino público. É autora de libros para nenos e mozos; dende 2014 ten publicado máis de 15 títulos. Tamén imparte cursos sobre literatura infantil e xuvenil, animación á lectura e dinamización de bibliotecas escolares.

<http://www.pilarserranoburgos.com>

Daniel Montero Galán

(Madrid, 1981)

Ilustrador autodidacta, publicou una trintena de títulos. A súa obra ten participado en varias exposicións individuais e colectivas. Foi finalista en diversos certamese -International Book Awards, Golden Pinwheel...- e seleccionado pola Fundación Cuatrogatos, a Bienal de Bratislava ou o Catálogo Iberoamérica Ilustra.

<http://www.danielmonterogalan.com>

